

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CORRESPONDENTE O DIA 8 DE XUÑO DE 2020.-

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día 8 de xuño de dous mil vinte; as trece horas e trinta e sete minutos da mañá xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, Don César Manuel Fernández Gil.- Concelleiros/as : Dona María Luz Expósito Pérez, dona Clara Loeda Soto, don Miguel García Domínguez.

Está presente o Secretario do concello, Francisco Fernández Castro.

Está presente o Interventor do concello, D Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

Fica aprobada.

2.- OBRAS MAIORES.-

Non houbo.

3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIDADÁNS.

-Escrito do Grupo Municipal de Ribeiro en Común, con rexistro de entrada no concello número 2247 de 3 de xuño de 2020, no que expón:

En relación co anuncio en prensa de un Convenio entre Concello e Consellería de Medio Ambiente para ampliar o Parque Empresarial de Ribadavia.

Ribeiro en Común expón que non existe ningún convenio asinado. Neste concello non consta ningún convenio ao respecto, Por conseguinte míntese

Solicito:

Copia do protocolo que consta neste concello, a pesar de que non ten validez nin legal nin institucional algunha, o que supón unha mera intencionalidade electoral e propagandística a un mes das eleccións.

A xunta de goberno acorda remitir copia do Protocolo de actuación entre o Instituto Galego de Vivenda e Solo e o concello de Ribadavia para o desenvolvemento urbanístico que permita executar a ampliación do Parque Empresarial de Ribadavia.

Noelia Rodríguez Travieso, concelleira do Grupo Municipal Socialista do Concello de Ribadavia, en base ó previsto no artigo 14 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, sobre Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, presenta a seguinte Solicitud, con número de rexistro de entrada 2300 de 5 de xuño de 2020:

Acceso ao listado de chamadas dos móbiles corporativos ,incluídos os do sr Alcalde(móbil e fixo do concello.

Consonte sinala reiterada xurisprudencia, por todas Sentenza do Tribunal Supremo de 16 de marzo de 2001(recurso de casación 8.496/1996) , no caso das peticións xenéricas de acceso á información por parte de concelleiros/as da administración local , non existe obriga de acceder ás mesmas máis alá da súa consideración con carácter potestativo.

A xunta de goberno acorda non acceder ao solicitado con base no exposto.

Noelia Rodríguez Travieso, concelleira do Grupo Municipal Socialista do Concello de Ribadavia, en base ó previsto no artigo 14 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, sobre Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, presenta a seguinte Solicitud, con número de rexistro de entrada 2301 de 5 de xuño de 2020:

Copia do proxecto/memoria das obras no Ceip Ribadavia coa subvención da deputación para o acondicionamento das aulas, onde segundo a deputación, o promotor é a Banda La Lira de Ribadavia.

A xunta de goberno acorda remitir copia da memoria das obras no Ceip Ribadavia.

Noelia Rodríguez Travieso, concelleira do Grupo Municipal Socialista do Concello de Ribadavia, en base ó previsto no artigo 14 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, sobre Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, presenta a seguinte Solicitud, con número de rexistro de entrada 2302 de 5 de xuño de 2020:

Copia da solicitude de subvención á Deputación de Ourense por parte do concello das obras no Ceip de Ribadavia, que posteriormente foi cambiada a favor da Asociación Banda La Lira.

A xunta de goberno acorda comunicar que o concello de Ribadavia non solicitou ningunha subvención á Deputación Provincial para esas obras, co cal non exista a solicitude de subvención cuxa copia se solicita.

Noelia Rodríguez Travieso, concelleira do Grupo Municipal Socialista do Concello de Ribadavia, en base ó previsto no artigo 14 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, sobre Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, presenta a seguinte Solicitud, con número de rexistro de entrada 2303 de 5 de xuño de 2020:

Relación de gastos de viaxes realizadas a Fitur e Ruta das Xuderías.

A xunta de goberno acorda remitir a información solicitada, facendo constar que no caso de FITUR somente se abonou por parte do concello o viaxe de ida en tren e unha noite de hotel, correndo o gasto do viaxe de volta e da segunda noite ao cargo persoal do alcalde, e que respecto á Rede de Xuderías o concello só abonou o kilometraje do viaxe a Hervas.

-Escrito do Grupo Municipal de Ribeiro en Común, con rexistro de entrada no concello número 2304 de 5 de xuño de 2020, no que expón:

En relación coa mala situación na que se atopa o casco histórico e conxunto monumental de Ribadavia.

Suciedade constante e extrema, Suciedade estrutural.

Inmobles municipais en absoluta ruina e cheos de maleza.

Botellón case diario.

Pintadas e vandalismo

Colectores sen recoller e sucios.
Perda progresiva da peonalización da zona.
Solares municipais cheos de maleza e incumprindo a normativa municipal
En definitiva , degradación absoluta do barrio que os que apostamos e a

Que se tomen as medidas oportunas para garantir a limpeza e o correcto mantemento de todo o casco histórico e zona monumental de Ribadavia.

Que se tomen as medidas oportunas para garantir a limpeza e o correcto mantemento dos inmobles de propiedade municipal.
Que o goberno de Ribadavia deixe de facer falsa propaganda e se poña a traballar nos problemas reais que ten o casco histórico e zona monumental.

Que o concello de Ribadavia se dirixa á Xunta de Galicia para que sexa unha política prioritaria arranxar e reformar as vivendas en ruínas que son propiedade do concello antes que comprar máis casas en semi -ruína.

A xunta de goberno acorda tomar coñecemento.

-Escrito do Grupo Municipal de Ribeiro en Común, con rexistro de entrada no concello número 2305 de 5 de xuño de 2020, no que expón.

En relación coa mala situación na que se atopa o inmovible municipal situado na intersección entre rúa San Martiño e rúa Xerusalén, debido á situación perigosa dun muro sobre o que noso grupo xa ten advertido no pasado.

Solicitamos:

Que se tomen as medidas oportunas para garantir a seguridade do muro e dos viandantes.

A xunta de goberno acorda tomar coñecemento.

-Escrito de don Pablo Vázquez Estevez, con número de rexistro de entrada no concello 2279 de 4 de xuño de 2020, en condición de presidente do Club de fútbol Ribadavia Atlético no que solicita:

El campo de fútbol denominado O Xestal , de uso prioritario para el club de fútbol Ribadavia Atlético .
Aprovecho también para incluir en la presente, la reserva de espacio para utilización del pabellón/es, tanto para entrenamientos como para disputa de partidos, de las secciones de este club

-Fútbol sala feminino (2 equipos)

Fútbol sala biberón (1 equipo)

Que en su momento detallaremos , una vez se conozca la disposición horaria de dicho/s pabellón/es.

A xunta de goberno acorda tomar coñecemento.

-Escrito de dona María Teresa Rodríguez Estevez, en representación do Grupo Municipal do BNG, con número de rexistro de entrada no concello número 2297 de 5 de xuño de 2020, no que expón:

Vimos de saber que Telefónica de España SAU está a proceder a despregar fibra óptica para a conexión ultrarrápida de internet de uso doméstico no tendido xa existente de telefonía fixa.

Esta actuación está subvencionada pola Axencia para a Modernización Tecnolóxica (AMTEGA) con fondos europeos do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rural.

Sen embargo, só se vai despregar dita fibra óptica en determinadas zonas dalgunhas localidades do concello, aquelas onde maiores van ser os beneficios operativos da empresa, o cal contradice os obxectivos que deben ter as políticas de desenvolvemento rural públicas, que son levar servizos alí onde a iniciativa privada non chega.

Se a rede de telefonía fixa chegou a toda a veciñanza do noso concello tamén ten que chegar a fibra.

Solicita:

Se dirixa a AMTEGA e máis á empresa que está a despregar fibra óptica para que a rede ultrarrápida se extenda por todo o tendido telefónico do noso concello, para que ninguén quede sen o seu acceso.

A xunta de goberno acorda tomar coñecemento

-Escrito de dona María Teresa Rodríguez Estevez, en representación do Grupo Municipal do BNG, con número de rexistro de entrada no concello número 2298 de 5 de xuño de 2020, no que expón:

Recentemente puidemos observar como as marxes da A-52 ao seu paso polo noso concello se recorreu aos herbicidas.

O pleno municipal de Ribadavia ten aprobado resolución nas que se prohíbe o uso dos herbicidas para o control da maleza nas beiras das estradas, debendo recorrerse a medios mecánicos no canto de produtos químicos nocivos para o medio ambiente.

Malia esta vontade da representación do pobo de Ribadavia, tanto nas vías que son titularidade da Deputación provincial como do Ministerio temos constatado que se segue recorrendo aos herbicidas.

Solicita:

Se dirixa ás administracións referidas na exposición de motivos para que deixen de utilizar herbicidas e en caso contrario , adopte todas as medidas de que legalmente dispón este concello para evitar o seu

USO.

A xunta de goberno acorda tomar coñecemento.

-Escrito de dona Angel Blanco Martínez, en representación de Desmaco SL, con rexistro de entrada no concello, no que solicita a devolución de fianza de acopio de materiais e de acopio de maquinaria da obra de Mellora da pavimentación na rúa Norte, rúa Corral e tramo de beirarrúas rúa Progreso.

Considerando que con esta mesma data se aproba a Certificación Final da obra de Mellora da pavimentación na rúa Norte, rúa Corral e tramo de beirarrúa na rúa Progreso, Ribadavia, acorda proceder á devolución das fianzas de acopio de materiais e acopio de maquinaria da devandita obra á Desmaco SL.

-Escrito de dona María José Viso Alvarez, con rexistro de entrada 2020-E-RE-123, en condición de administrador de Construcciones y Almacenes Manuel Viso e Hijos SL, solicita a devolución da fianza definitiva por importe de 984,75 euros, constituída mediante aval do Banco Pastor, da obra de Muros de contención de terras e tratamento de taludes da estación de autobuses, Francelos, Val de Pereira e San Paio.

A xunta de goberno acorda proceder á devolución do aval depositado.

-Escrito de dona María José Viso Alvarez, con rexistro de entrada 2020-E-RE-124, en condición de administrador de Construcciones y Almacenes Manuel Viso e Hijos SL, solicita a devolución da fianza definitiva por importe de 1035,92 euros, constituída mediante aval do Banco Pastor, da obra " Camiños acceso Núcleos Ribadavia-Francelos pola orilla río e Rúa Veronza".

A xunta de goberno acorda proceder á devolución do aval depositado.

-Escrito de dona María José Viso Alvarez, con rexistro de entrada 2020-E-RE-125, en condición de administrador de Construcciones y Almacenes Manuel Viso e Hijos SL, solicita a devolución da fianza definitiva por importe de 768,31 euros, constituída mediante aval do Banco Pastor, da obra " Camino acceso Núcleos Santo Andrés".

A xunta de goberno acorda proceder á devolución do aval depositado.

Escrito de dona María José Viso Alvarez, con rexistro de entrada 2020-E-RE-126, en condición de administrador de Construcciones y Almacenes Manuel Viso e Hijos SL, solicita a devolución da fianza definitiva por importe de 1.191,03 euros, constituída mediante aval do Banco Pastor, da obra " Camino acceso Núcleos Sanín e Francelos".

A xunta de goberno acorda proceder á devolución do aval depositado.

Escrito de dona María José Viso Alvarez, con rexistro de entrada 2020-E-RE-127, en condición de administrador de Construcciones y Almacenes Manuel Viso e Hijos SL , solicita a devolución da fianza definitiva por importe de 995,04 euros, constituída mediante aval do Banco Pastor, da obra “ Camino acceso Núcleos Esposende, A Grova e As Chabolas”.

A xunta de goberno acorda proceder á devolución do aval depositado.

Escrito de dona María José Viso Alvarez, con rexistro de entrada 2020-E-RE-128, en condición de administrador de Construcciones y Almacenes Manuel Viso e Hijos SL , solicita a devolución da fianza definitiva por importe de 1080,61 euros, constituída mediante aval do Banco Pastor, da obra “ Camino acceso Núcleos San Cristobo e Franqueirán”.

A xunta de goberno acorda proceder á devolución do aval depositado.

Escrito de dona María José Viso Alvarez, con rexistro de entrada 2020-E-RE-129, en condición de administrador de Construcciones y Almacenes Manuel Viso e Hijos SL , solicita a devolución da fianza definitiva por importe de 1194,62 euros, constituída mediante aval do Banco Pastor, da obra “ Camino acceso Núcleos Santa Cristina, San Paio e Prexigueiro”.

A xunta de goberno acorda proceder á devolución do aval depositado.

Escrito de dona María José Viso Alvarez, con rexistro de entrada 2020-E-RE-130, en condición de administrador de Construcciones y Almacenes Manuel Viso e Hijos SL , solicita a devolución da fianza definitiva por importe de 5076,87 euros, constituída mediante aval do Banco Pastor, da obra “ Alcantarillado en Francelos- Prexigueiro-Núcleo de Ribadavia”.

A xunta de goberno acorda proceder á devolución do aval depositado.

-Escrito de don Richard Pierre Barbier, con rexistro de entrada no concello 2020-E-RE-136 no que expón:

Que soy titular del café bar Plaza sito en la Plaza Mayor nº15 de Ribadavia y deseo colocar una caldera de pulpo los días de feria, días festivos y domingos en la Plaza , en el lugar que corresponde a mi local.

Solicita:

Permiso para la colocación de la caldera de pulpo.

A xunta de goberno acorda autorizar o solicitado indicando que debe abonar a taxa correspondente, adoptar as medidas para que a pedra da praza non sufra ningún prexuízo e cumprir o indicado na Ordenanza reguladora de venda ambulante da que se adxunta copia.

4.- ESCRITOS OFICIAIS.-

-Protocolo de actuación entre o Instituto Galego de Vivenda e Solo e o concello de Ribadavia para o desenvolvemento urbanístico que permita executar a ampliación do Parque Empresarial de Ribadavia.

Acuse de recibo da Confederación Hidrográfica Miño Sil de solicitude de expediente de autorización de obras de asfaltado dun tramo da rúa Veronza, afectando ao dominio público hidráulico e zona de policía do río Avia e do regueiro de Gateira, no termo municipal de Ribadavia, petionario concello de Ribadavia.

5.- CUESTIONS ECONÓMICAS E ASUNTOS VARIOS.-

CERTIFICACIÓN Nº 3 FINAL DA OBRA DENOMINADA “MELLORA DA PAVIMENTACIÓN NA RÚA NORTE, RUA CORRAL E TRAMO DE BEIRARUA NA RUA RÚA PROGRESO, RIBADAVIA”.-

Dase conta á Xunta de Goberno Local da certificación nº 3 Final da obra denominada “Mellora da Pavimentación na rúa Norte, rua Corral e tramo de beirarúas na rúa Progreso de Ribadavia”, redactada polas Directoras da Obra, Dona Mercedes Alvarez López e Dona Begoña Arreguá Rodríguez, executada pola empresa Desmaco S.L.U. por un importe total de 26.218,25 euros.

A Xunta de Goberno Local deliberado sobre o particular adopta por unanimidade os seguintes acordos:

1. Aprobar a certificación nº 3 Final, anteriormente indicada por importe de 26.218,25 euros, aboamento que se fará con cargo as aportacións da Dirección Xeral de Urbanismo e Ordenación do Territorio e o Concello de Ribadavia.
2. Aprobar a factura emitida pola empresa Desmaco S.L.U..co nº 200034 de data 01.06.2020, pola mesma cantidade.
3. Que se cumpriu a finalidade para a cal foi concedida a subvención.

SUBVENCIONS COMPASAS ENTROIDO 2020

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, presta aprobación as subvencións concedidas as comparsas que participaron no Entroido 2020 e que se relacionan de seguido:

Deuses do Fondo Mariño por importe de 260 euros.
Os Nevadiños, por importe de 455 euros.
As Bolboretas, por importe de 139 euros.
Abellas Vermellas, por importe de 278 euros.
Os Silleiros do Oeste, por importe de 349 euros.
Circo Os de Sempre, por importe de 780 euros.
Rock Queens, por importe de 364 euros.
Miniheroes da Vila, por importe de 211 euros.
Os Tabaleiros, por importe de 250 euros.
Ribeiro Airways, por importe de 260 euros.
Reggaeton y Cia, por importe de 398 euros.
As Lajartas, por importe de 400 euros.
Valparaíso, por importe de 1000 euros.

BASES PARA SELECCIÓN DUNHA PRAZA DE PEON OBRAS-CONDUCTOR DE MAQUINARIA POLO SISTEMA DE CONCURSO.

En relación co ao Programa provincial de cooperación cos concellos en materia de empregabilidade para o exercicio 2020 aprobado pola Deputación Provincial de Ourense, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda aprobala contratación dunha praza de Peon Obras Conductor de maquinaria e as seguintes bases:

I. NATUREZA E CARACTERÍSTICAS DAS PRAZAS A CUBRIR E SISTEMA SELECTIVO ELIXIDO.

1. Convócanse procedemento para cubrir UNHA praza pertencentes á categoría de **peón obras-conductor de maquinaria** mediante a figura de contrato laboral temporal a través do sistema de acceso de concurso.

2. A adxudicación da praza ao aspirante aprobado efectuarase de acordo coa cualificación final obtida por este, de conformidade co disposto na Base 4ª.

3. Ao presente proceso selectivo seralle de aplicación o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, a Lei 30/84 do 2 de agosto de Medidas para a Reforma da Función Pública no que non fose derogada pola anterior, a Lei 7/85 do 2 de abril de Réxime Local, RDL 781/86 do 18 de abril polo que se aproba o Texto Refundido de Disposicións Legais vixentes en materia de Réxime Local, Real Decreto 896/91 do 7 de xuño, as presentes Bases Reguladoras xunto cos anexos que a acompañan, e supletoriamente o Real Decreto 364/95, de 10 de marzo, así como a Sentenza do Tribunal Constitucional 67/1989.

4. O sistema elixido para a selección do persoal será o concurso.

II. CONDICIÓNS E REQUISITOS QUE DEBEN REUNIR OU CUMPRIR OS/ÁS ASPIRANTES.

1. Para ser admitido á realización das presentes probas selectivas para o acceso ás prazas convocadas, os/as aspirantes deben reunir os seguintes requisitos:

- a) Ser español/a ou atoparse nos supostos previstos no artigo 57.4 do Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público..
- b) Ter cumpridos 18 anos de idade e non alcanzar a idade de xubilación.
Estar en posesión do título de certificado de escolaridade ou equivalente, ou en condicións de obtelo na data de finalización do prazo de admisión de instancias
- c) Non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o desempeño das correspondentes funcións. Non obstante, cando algunhas das prazas estea reservada aos que teñan a condición de minusválido/a, non se establecen limitacións físicas ou psíquicas senón no caso de que sexan incompatibles co desempeño das tarefas ou funcións encomendadas.
- d) Non haber sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo ao Estado, ás Comunidades Autónomas ou ás Entidades Locais, nin se achar inhabilitado/a para o exercicio de funcións públicas. Os aspirantes que non posúan a nacionalidade española non deberán estar sometidos a sanción disciplinaria nin condena penal que impida, no seu Estado, o acceso á función pública.

- e) Non estar incurso/a en causa de incapacidade das establecidas na normativa vixente de Función pública.
- f) Estar en posesión do carné de conducir B.

2. Os requisitos establecidos nestas Bases haberán de ser acreditados no momento de presentación de instancias e mantelos ata o momento da toma de posesión como persoal laboral temporal.

III. TRIBUNAL.

1. A composición do Tribunal será predominantemente técnica e os vogais deberán posuír titulación ou especialización iguais ou superiores aos esixidos para o acceso a praza convocada.

2. O Tribunal cualificador do proceso selectivo estará integrado polos seguintes membros:

PRESIDENTE: Un funcionario do Concello designado polo Alcalde.

SECRETARIO: O Secretario do Concello ou funcionario no que delegue.

VOCAIS: -Tres funcionarios ou laborais do concello nomeados polo Alcalde.

Os funcionarios ou persoal laboral designado deberá ter a mesma ou superior titulación que a praza/as obxecto da convocatoria.

3 Os aspirantes poderán recusar a calquera membro do Tribunal nos termos do art. 24 da Lei 39/2015 de procedemento administrativo común, cando concorran as circunstancias previstas no artigo 23 de dita lei.

4. Para a válida constitución do Tribunal, para os efectos da celebración de sesións, deliberacións e toma de acordos, requirirase a presenza en todo caso, do Presidente e do secretario do Tribunal, ou no seu caso, dos que lle substitúan, e da metade polo menos dos seus membros designados como vogais, sen que en ningún caso poidan ser inferior a tres. Este quórum deberá manterse durante toda a sesión.

5. O Tribunal terá capacidade para resolver cantas dúbidas e incidencias formúlense, adoptando as medidas necesarias para o normal desenvolvemento do proceso selectivo.

6. Para a cualificación dos aspirantes o Tribunal axustarase ao disposto na base IV. A) desta convocatoria.

O Presidente do Tribunal adoptará as medidas necesarias para garantir os principios de igualdade, mérito e capacidade, así como o de publicidade.

7. Concluído o proceso selectivo, o Tribunal fará público no Taboleiro de Anuncios, a cualificación final dos aspirantes, con indicación da puntuación obtida na fase de concurso e entrevista curricular, declarando aprobado ao aspirante que obtivera a máxima puntuación.

8. O Tribunal non poderá aprobar nin declarar que superaron as probas selectivas un número de aspirantes superior ao de prazas/postos convocados. As propostas de aprobados que contraveñan este límite serán nulas de pleno dereito.

9. Aos efectos de comunicacións e incidencias o Tribunal terá a súa sede na do Concello de Ribadavia.

10. Os membros do Tribunal son persoalmente responsables do estrito cumprimento das bases da convocatoria e da suxeición aos prazos establecidos para a realización ou valoración das probas e para a publicación dos resultados.

IV. PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN.

1. As probas selectivas constarán dunha fase de concurso e unha entrevista curricular.

2. Fase de concurso. O máximo de puntos que se pode obter na fase de concurso non poderá ser superior a 9 puntos. O tribunal valorará os méritos alegados e xustificadas documentalmente polos aspirantes conforme ao seguinte baremo:

A) Valoración de méritos.

A.1 Méritos Profesionais.

a) Por cada mes completo de servizos prestados en calquera das Administracións Públicas, empresas privadas na praza ou posto de igual ou similar contido (albañelería, canteira e obras en xeral) ao que se opta: 0,05 puntos ata un máximo total de 2 punto.

A estes efectos non se computarán servizos que fosen prestados simultaneamente con outros igualmente alegados e reduciranse proporcionalmente os prestados a tempo parcial.

A.2. Cursos, seminarios, congresos, xornadas. Participar en actividades formativas, sempre que se atopen relacionadas coas funcións a desenvolver e organizados, ben por unha Administración Pública ou unha Universidade.

- Por cursos de 10 a 40 horas de duración: 0,10 puntos, ata un máximo de 0,20 puntos.

- Por cursos de 41 a 100 horas de duración: 0,20 puntos, ata un máximo de 0,60 puntos..

- Por cursos de máis de 100 horas de duración: 0,30 puntos, ata un máximo de 1,20 puntos.

Os cursos nos que non se exprese duración ningunha serán valorados coa puntuación de 0,05 puntos.

Na acreditación de seminarios permanentes que duren un curso lectivo deberán especificarse o número de horas, no caso contrario valoraranse coa puntuación mínima.

No suposto de que a duración do curso se exprese en días, establécese unha equivalencia de 5 horas por cada día de curso.

A.3. Outros Méritos. Estar en posesión de:

- Polo recoñecemento acreditado do idioma galego (só se valorará o grao superior alegado):

- Celga II: 0,20 puntos.

- Celga III: 0,25 puntos.

- Celga IV: 0,30 puntos

- Linguaxe administrativo.

Medio: 0,40

Superior: 0,50 puntos

Só se valorarán aqueles cursos ou titulacións homologadas pola Secretaría Xeral de Política Lingüística e só o de maior puntuación.

B) Xustificación dos méritos alegados.

A documentación que haberá de presentarse para xustificar os méritos que se alegan para a súa valoración conforme ao baremo indicado será a seguinte en cada caso:

B.1 Experiencia profesional.

- A experiencia profesional en praza ou posto de igual ou similar contido fóra do ámbito da Administración Pública xustificárase:

No caso de servizos prestados por conta allea, achegando os seguintes documentos:

- * Contrato de traballo ou certificación da empresa correspondente ao período que se alega.

- * Certificado de cotizacións á Seguridade Social.

- No caso de servizos prestados por conta propia, achegando os seguintes documentos:

- * Xustificante de pagamento do imposto de actividades económicas de cada un dos anos en que se estivera en situación de alto no mencionado imposto.

- * Certificado de cotizacións á Seguridade Social, onde consten período e grupo de cotización, salvo aqueles colectivos profesionais que estean exentos desta cotización, o que deberá acreditarse de forma fidedigna.

- A experiencia profesional en praza ou posto de igual contido no ámbito da Administración Pública xustificárase:

- * Achegando a documentación indicada nos parágrafos precedentes.

- * Presentando certificación expedida pola Secretaría ou calquera outro órgano da Administración con competencias en materia de persoal, onde constarán os seguintes datos:

- Denominación dos postos de traballo que desempeñaran con expresión do tempo que os ocupara.
- Dependencias ás que estean adscritos os devanditos postos.
- Relación xurídica que mantivo ou mantén no desempeño dos postos coa Administración.

- Nos tres apartados do punto 1 do baremo, para acreditar que se ocupa ou se ocupou praza ou posto de igual ou similar contido, cando non coincidan a denominación dos que se ocuparan co da praza á que se opta, o interesado haberá de achegar certificado no que consten as funcións desenvolvidas.

Para acreditar os méritos sinalados no punto A.3 do baremo haberá de achegarse fotocopia compulsada dos documentos oficiais que os acrediten.

3. Entrevista Curricular. O obxecto da entrevista curricular fundamentase na necesidade de definición do perfil do aspirante co requerido para o posto de que se trate e consistirá en preguntas relacionadas coas funcións do posto ofertado. A valoración da entrevista é de 0 a 3 puntos.

C) Aplicación do concurso.

Os puntos obtidos na entrevista curricular sumaranse aos obtidos despois de aplicar o baremo establecido nas bases referidas.

D) Criterio para dirimir empates.

De se produciren empates na puntuación, a orde de desempate sera a seguinte:

- 1.- A solicitante de sexo feminino con preferencia sobre o masculino, cando na categoría ou escala se dean as condicións de infrarepresentación establecidas no artigo 37 da Lei 7/2004, de 16 de xullo, galega para igualdade de mulleres e homes.
- 2.- Parados de longa duración con cargas familiares.
- 3.- Persoas con discapacidade.
- 4.- Solicitantes desempregados maiores de 45 anos.
- 5.- Solicitante de maior idade.

V.- DOCUMENTACION E PRAZO PARA A PRESENTACION DAS SOLICITUDES.

As solicitudes formalizaranse nas instancias que se axuntan a estas bases e deberán presentarse no Rexistro Xeral do Concello ou remitilas por calquera dos medios previstos no artigo 38 da Lei 30/1992, do 26 de Novembro, no prazo de cinco días naturais, comezando a computarse dito prazo a partir do días seguinte ao da publicación do anuncio nun diario de difusión provincial, achegándose a seguinte documentación:

- Copia cotexada do D.N.I. ou documento que proceda para os estranxeiros.
- Copia cotexada da titulación académica esixida, así como dos títulos, carnés ou certificacións profesionais que se esixan.
- Declaración de non estar incurso en ningunha causa de incapacidade ou incompatibilidade, nin padecer enfermidade ou defecto físico/psíquico, que lle impida o desempeño do posto de traballo.
- Relación de méritos que alega e documentación xustificativa e cotexada de cada un deles.

En ningún caso, se admitirán nin se valorarán os méritos non xustificados, ou presentados unha vez rematado o prazo de entrega de solicitudes.

VI. PRESENTACIÓN DE DOCUMENTOS.

1. Ademais das condicións indicadas na base II desta convocatoria, previamente á formalización do correspondente nomeamento, o aspirante proposto polo Tribunal haberá de achegar:

a). Declaración xurada de non ter emprego retributivo con cargo a calquera organismo publico, incluída a Seguridade Social, o día da toma de posesión, estándose ao disposto na Lei 53/84, do 26 de decembro de Incompatibilidades do Persoal ao Servizo das Administracións Públicas e, en especial, ao seu artigo 10; E disposicións ditadas no seu desenvolvemento.

b). Declaración xurada de non exercer actividades privadas incompatibles co posto de traballo que se vai desempeñar no Concello e/ou solicitude de compatibilidade para o exercicio de actividades privadas que se desenvolvan á marxe do Concello.

c). Declaración xurada de non estar incurso en causa de incapacidade das contidos no art. 36 do Regulamento de Funcionarios de Administración Local do 30 de maio de 1952.

d). Declaración xurada de non ser separado mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración Pública, nin se achar inhabilitado para o exercicio das funcións públicas.

e). O prazo para a presentación de documentos será de 3 días naturais, contados dende o día seguinte a aquel en que se faga pública a proposta de nomeamento do persoal laboral fixo por parte do Tribunal.

2. O Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Ribadavia, mediante Resolución que se publicará na forma e lugar establecidos nestas Bases, nomeará ao aspirante seleccionado.

VII. BASE FINAL.

1. As presentes bases e cantos actos administrativos se deriven delas desta convocatoria e da actuación do Tribunal, poderán ser impugnadas polos interesados directamente ante o órgano da xurisdición do Contencioso-administrativo competente, conforme á Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contenciosa-Administrativa, no prazo de dous meses, contados dende a data do día seguinte de última publicación destas. Así mesmo, poderá presentarse o recurso potestativo de reposición ante o Sr. Alcalde-Presidente, no prazo dun mes a contar dende a mencionada publicación, ou calquera outro recurso que considere procedente, conforme establece a Lei 39/2015 de procedemento administrativo común das administracións públicas.

2. No non previsto nas bases anteriores rexerá polo Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Pública, Lei 7/85, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, Real Decreto 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, así cono o RD 896/91, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios de Administración Local.”

XERACION DE CREDITOS N° 2/2020

“A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, presta aprobación o Expediente de xeración de créditos nº2/20, por importe de 20.000 euros con cargo a compromisos firmes doutras Administracións Públicas para financiar gastos que pola natureza son competencia desta Administración Municipal”.

6.- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo.-

E sendo as trece horas e cincuenta e cinco minutos da maña, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente acta, do cal, coma Secretario, certifico.